



A Francisco González Amadios, "Panchulo". Sempre con nós.

Por Quico Recondo

Ti xa foras Vicepresidente do Parlamento Galego, pero agora volvíamos de "convidados" e os nacionais ou autonómicos pediannos os D. N.(sic) I. para podermos aparcar alí, no Pazo do Hórreo. Íamos, coma sempre, á Mesa Nacional do que ti chamabas Esquerza Nacionalista, nós os dous e máis o Pibe que abría ollos e as orellas para atrapar as túas historias e experiencias, coma min mesmo, para aprendermos de ti.

Se xa saíras da casa, Panchi aproveitaba para dicirme: "se o ves canso, a volta conduce ti", sabía entón que había de ir buscarte naquel café do barrio do Carme, xogando os naipes cos iguais, coma quen recita monólogos de vellos traballadores.

Logo a autoestrada (navallada si, coma non, pero recosida, puntada a puntada pola loita de milleiros de boticarios de Vilaboa, de mulleres e homes coma nós, como diría Romón "espallados por Galicia a xeito de panfleto" para volver reunir as dúas beiras), chegar a Compostela, reunirmos coma sempre sen Beiras, como moito cos seus testaferras (o cariño por Encarna era mutuo como se ouviu e Pereiró), ir logo a mesma bocataria sempre, repoñer forzas polo barato coma estudante becado e volta a casa, sempre as tantas, deixando atrás ós gardas, o Parlamento, o Partido, as historias que non deixabas de contar,...

Na nosa historia ficas xa por sempre con Tonino, Avilés, Miguel, Marcos, Dora, ..., todos vós fóchedes tendo "no bico un cantar": OS SOCIALISTAS GALEGOS SOMOS NÓS.



BREVES

Na lembranza de Francisco González Amadiós "Panchulo"



O 5 de Abril tivo lugar o pasamento de Panchulo, compañeiro do BNG da comarca de Vigo. O seu traballo institucional, político e persoal sempre tivo como obxectivo Galiza e as súas xentes como senador, como membro da comisión que elaborou o Estatuto de Autonomía, como Deputado e Vice-presidente do Parlamento galego, como home republicano e de esquerdas, sempre levou na cabeza e no corazón a construción nacional de Galiza. Poño tanto, sendo un dos bons e xenerosos, a súa lembranza, así como a súa alegría, a súa ilusión e o seu bon facer permanecerá eternamente na memoria colectiva do pobo galego. ■

BENEGÁ

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
NUMERO 33 • MAIO DE 1997

A Coruña

O BNG sempre tan xeneroso con nós... Nova tirada do voceiro oficial BENEGÁ de maio de 1997 no que fanse eco do pasamento do noso compañeiro en [Esquerda Nacionalista](#), Francisco González Amadiós "Panchulo".